

A nai, a mellor fonte de leite do bebé

A asociación Bico de Leite presentará en breve unha exposición baseada nun conto cun bucólico mundo de cor que rodea a unha muller embarazada

CRÓNICA
Lucía Rey

LUGO | Co suxerinte título *Eu tamén son fonte*, a asociación Bico de Leite inaugurarán en Lugo o vindeiro 1 de decembro unha exposición, coa que pretende dar un novo impulso na cidade amurallada á sensibilización sobre a importancia da lactancia materna. A mostra, que se poderá visitar de balde ata o día 15 no centro social Uxío Novoneyra de 16.00 a 21.00 horas, está baseada nun conto que vén de publicar a editorial Galaxia e que naceu da iniciativa da Fedegalma, a federación galega de colectivos que apoian a lactancia natural, e o estímulo da Consellería de Sanidade.

Os evocadores textos de Teresa Moure mestúranse coas fermosas e coloristas ilustracións de Leandro Lamas. Xuntos conseguen amosar ao lector o bucólico mundo que se lle presenta á protagonista da historia, unha muller embarazada. «As casas non teñen esquinas», «as montañas son redondas e suaves» e «por primavera, tes a sensación de que algo novo vai acontecer», conta a narración.

Cando esa primavera acaba, e o neno nace, relata a protagonista do conto, «decides que o teu corpo experimente. Que sexa fonte da que abrolle nova enerxía. Que faga o que antes non vías aínda que estaba en todas partes». Deste xeito, na natureza a vaca dá leite ao seu bece-



Detalle do conto «Eu tamén son unha fonte», con textos de Teresa Moure e ilustracións de Leandro Lamas

rro, a cabra amamanta ao seu cabuxo, a porca aos seus cochóns, a cadela ao seu cachorro... Aínda que ás veces non nos damos conta, todo está fóra, vén dicir o conto.

Coa colaboración da concellería de Educación de Lugo, en horario de mañá tamén visitarán a exposición alumnos de educación infantil da cidade amurallada.

Manual de extracción

O colectivo Bico de Leite aproveitará a inauguración da mostra para presentar un manual de extracción, conservación e manipulación do leite materno. A publicación pretende axudar ás mulleres en «período de aleitamento» que teñen que incorporarse á vida laboral e desexan seguir amamantando ao seu bebé.



ENCUNTROS DE NAIS ALEITADORAS EN LUGO

As nais que forman parte de Bico de Leite en Lugo celebran reunións, como a da imaxe, todos os venres nun local cedido polo Sergas. Son sempre de 11.00 a 13.00 horas, agás o segundo e o último venres de cada mes, en que se desenvolven entre as cinco e as sete da tarde.

O último venres de cada mes, a asociación organiza a partir das cinco da tarde unha charla sobre aspectos máis concretos da

lactancia materna, como poden ser a falta de leite, ou a relación entre a lactancia e o sono dos nenos.

PRÓXIMA REUNIÓN

Venres 28

«Valoración do peso en bebés aleitados». Terá lugar na aula da rúa Doutor García Portela, 11-baixo; de 17.00 a 19.00 horas.

Presentación do documental «Podes darlle o mellor de ti»

O 1 de decembro Bico de Leite presentará o documental *Podes darlle o mellor de ti*. Trátase dun vídeo divulgativo duns 20 minutos de duración, que pretende chegar ao público ao mundo da lactancia materna a través das testemuñas, entre outros, de nais con nenos e nenos lactantes de diferentes idades.

«O documental pon de manifesto as vantaxes da lactancia materna e amosa as experiencias de varias mulleres galegas, para que sirvan de espello no que mirarse as futuras nais», sosteñen no colectivo lucense, que reivindica «o dereito de toda nai» a aleitar ao seu fillo «ata cando ambos o desexen».

Desde a web

Por outra banda, esa xornada darase a coñecer en Lugo a nova páxina da federación (www.fedegalma.org), a través da que se pode entrar en contacto con calquera dos grupos de apoio que existen en Galicia; tamén informarse e consultar dúbidas ou mesmo descargar o manual de extracción e conservación de leite materno.

El comité provincial de Unicef presentó en Lugo las campañas de Navidad y «Supervivencia infantil»

L.R.I.

LUGO | Más 26.000 niños menores de 5 años mueren cada día en el mundo. La mayoría, debido a enfermedades que se pueden evitar con medidas simples como el uso de mosquiteras o vacunas. Con esa idea, Unicef está poniendo en marcha la campaña «Supervivencia infantil», que se llevará a cabo en el 2009, coincidiendo con el vigésimo aniversario de la Convención de los Derechos del Niño. Ayer fue presentada en Lugo por la presidenta del comité provincial, Myriam Garabito.

En el acto, que acogió el restaurante España, la directiva proyectó un anuncio humanitario protagonizado por los actores Ana Duato e Imanol Arias, en el que explican las cinco áreas de actuación de Unicef para favorecer «que los niños crezcan sanos». En primer lugar, el registro infantil, para que cada pequeño esté identificado y no se pierda su pista. En segundo lugar, la vacunación, ya que los pri-



La tienda de Unicef está ya abierta en la calle Doutor Castro, 22 | ÓSCAR CELA

meros años de la vida de una persona son claves para desarrollar defensas. El tercer ámbito en el que trabaja el organismo es la nutrición, primera causa de mortalidad en niños de 0 a 5 años. Le sigue el acceso al agua potable, distribuyendo, entre otros, sobres de rehidratación. Por último, el reparto de mosquiteras impregnadas con insecticidas.

Garabito comentó que para colaborar con Unicef «puedes hacer socio o enviar ayuda puntual», añadió.

Tienda en el centro

Asimismo, el comité informó de que la tienda de Unicef, en la que ya se pueden adquirir artículos de cara a la Navidad permanece abierta en la calle Doutor Castro, 22-1ºC, en Lugo.



Myriam Garabito, a la derecha, durante el acto de presentación | Ó. CELA

El proyecto «Gotas para Níger», que ya funciona en el Galén, será impulsado en más colegios

Con el lema «Gotas para Níger», Unicef está impulsando en colegios de toda España una campaña de solidaridad con el país africano. En ciudad amurallada ya está en marcha en el colegio Galén, pero el comité provincial espera sumar en breve nuevos centros escolares de la provincia.

De cara al próximo año, Myriam Garabito indicó que está prevista una nueva camina-

ta solidaria con la asociación Amigos del Camino, el torneo de golf anual y un torneo de baloncesto, que posiblemente se organizará junto al club Ensino. El comité provincial participará de nuevo en los campamentos urbanos de la Diputación. Finalmente, Garabito indicó que «por fin» se está elaborando el Plan de Infancia Integral en colaboración con el Concello de Lugo.